

## Convocatoria

### IX Concurso de Relatos

### Museo Liste de Vigo

2021

## Bases

- 1. Aspectos xerais:** IX Concurso de Relatos do Museo Liste de Vigo convocado co gallo da celebración do Día das Letras Galegas.
- 2. Temática: “Como cambia o conto...”**

Este ano, baixo este título, convidámosvos a tomar como base un conto ou historia popular e transformala adaptándoa aos novos tempos: un trasno que conta sementes de muesli, un sumicio que utiliza a termomix, unha moura que non agarda a que a liberen, ... calquera narración popular que viaxe dende o pasado á actualidade e que, esta viaxe, se reflecta no espazo, no tempo, nos obxectos de uso, nas actitudes ou en calquera outra característica que a actualice e a revise á luz da nosa realidade presente.
- 3. Idioma:** Galego.
- 4. Participantes:** nenos e nenas de Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.
- 5. Categorias:** establécense 5 categorías:
  - A-** Nenos e nenas de 1º e 2º de Educación Primaria.
  - B-** Nenos e nenas de 3º e 4º de Educación Primaria.
  - C-** Nenos e nenas de 5º e 6º de Educación Primaria.
  - D-** Nenos e nenas de 1º e 2º de E.S.O.
  - E-** Nenos e nenas de 3º e 4º de E.S.O.
- 6. Premios:** establécense 5 premios, 1 premio por cada categoría. A entrega dos mesmos realizarase o día 17 de maio “Día das Letras Galegas” a partir das 12:30 h. na sede do Museo.
- 7. Formato e modo de presentación:** Os traballos presentados ao concurso terán unha presentación e extensión libres, manuscritos ou a ordenador. Serán presentados ben na sede do Museo Liste, na Rúa Pastora, nº 22, enviados por correo ordinario a dita dirección,

ou a través do enderezo de correo electrónico: [didactica@museoliste.org](mailto:didactica@museoliste.org) dende o cal se enviará confirmación de recepción.

Nos traballos deberán constar os datos dos participantes (nome, idade, curso) e o contacto (telefono de pai, nai ou titor ou do centro educativo en caso de ser iniciativa deste).

8. **Prazo de presentación dos traballos:** dende a publicación da convocatoria ata o 26 de abril de 2021.
9. **Selección de obras, xurado e fallo:** o xurado encargado de seleccionar as obras gañadoras estará formado por varios membros: unha psicóloga, unha educadora social, unha mestra de primaria, un profesor de secundaria e persoal do Museo Liste. **O fallo do xurado será comunicado aos gañadores vía telefónica e publicado na páxina web do Museo e en prensa a partir do 12 de maio de 2021.**
10. **Outros:** en todo aquilo non previsto nestas bases, a Fundación Liste - Museo Etnográfico de Vigo resolverá o que proceda.
11. **Información:** a través do teléfono 986244698 e a través do enderezo [didactica@museoliste.org](mailto:didactica@museoliste.org).